

SIMULACRO EMERXENCIA NO VALES VILLAMARIN

Para dar cumprimento a Orde do Ministerio de Educación e ciencia do 13 -11-1984 (Evacuación de centros docentes), tivo lugar o xoves 22 de Novembro un simulacro de evacuación xeral do noso colexio. O mesmo estaba destinado a reducir os tempos de evacuación e concentración nos puntos de encontro, así como os de resposta de todo o operativo implicado: 112, 061, bombeiros, cruz vermella, protección civil, policía municipal e garda civil. Igualmente serve para ensinar a profesores, persoal non docente e alumnado en xeral a forma de actuación nun caso de emerxencia real.

Dito simulacro foi realizado con éxito xa que se conseguiu que todo o persoal do centro se atopara fóra dos edificios en menos de 3 minutos e nos lugares de concentración (patio exterior do IES Fco. Aguiar e recinto do Distrito Forestal II), perfectamente recontado, nun tempo inferior aos 9 minutos. Estos tempos son moi inferiores ós que a citada orde establece como máximos de referencia:



- 10 minutos para evacuación total do edificio
- 3 minutos para a evacuación de cada planta

En conxunto, estímase que a duración total dunha evacuación, dende a interrupción das actividades escolares non debe superar os trinta minutos.

En datas próximas, todos os colectivos participantes, aos que a dirección do colexio e a ANPA agradece a súa colaboración, manterán unha nova reunión para valorar o simulacro e ultimar as medidas correctoras que estimen oportunas.



ACTUACION DO
MAGO DA BOINA



REPARTO PREMIOS
FERTIBERIA 2012

Farase entrega duns agasallo a **tódolos participantes do Vales** no Concurso Fertiberia. Tamén se procederá á entrega de premios **ós tres mellores do primeiro e segundo ciclo** que foron escollidos pola Dirección do Colexio.



EXHIBICION
XIMNASIA
RITMICA

Boletín para os pais/nais

Decembro 2012



Venres 14 Decembro

NADAL

Actuación "O Mago da boina"

ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN



Fai uns días chegaron ás vosas casas uns impresos de recollida de firmas contra o anteproxecto da LOMCE, máis coñecida por Ley Wert. Esta iniciativa está promovida pola CEAPA, (Confederación Española de Padres y madres de alumnos) e dende a A.N.P.A. BRIGANTIUM **unímonos a ela** no convencemento de que é necesario conseguir o máximo apoio en contra dita reforma que, de seguir adiante, fará do noso sistema educativo un erial onde os nosos nenos/as serán aleccionados, **segregados e discriminados**; o profesorado deixará o seu labor docente para convertirse nun funcionariado só preocupado polos resultados académicos, non polo desenvolvemento dos alumnos; ademais, os **país/nais perderemos a pouca representación** que temos nas escolas e, desta maneira, a oportunidade de participar dunha forma activa na vida escolar dos nosos fillos/as.

A gratuidade da Educación Básica está recollida na Constitución Española, pero con esta reforma o concepto de Educación Básica non incluírá a Educación Infantil, o Bacharelato, os Graos Medios e Superiores da Formación Profesional nin a Universidade. Isto só pode ter unha lectura: o que dispoña de cartos para costear os estudos dos fillos/as poderá acceder a eles. Dende as **ANPAS apoiamos a educación gratuítá** como a mellor forma de igualdade de oportunidades, proporcionando os medios para a formación de persoas con capacidade de decisión propia, persoas con coñecementos da súa historia, do seu país, que non sexan fácilmente manipulables e que dirixan eles o futuro desta nación... o noso futuro. Porque sen dúbida, unha xeración sen educación é **unha xeración perdida**, e nós temos a obriga de loitar para que isto non suceda nunca. Por isto é importante a concienciación e mobilización dos país/nais, para que se nos escoite e non teñan ningunha dúbida de que o **futuro dos nosos fillos SI nos importa**.

NOVA DIRECTIVA DA ANPA

SEGUNDO O ARTIGO 11º DOS SEUS ESTATUTOS, A XUNTA DIRECTIVA ELECTA DO ANPA BRIGANTIUM ELIXIU, EN DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2012, OS SEGUINTE CARGOS DIRECTIVOS DE ENTRE OS SEUS MEMBROS:

PRESIDENTE: FERNANDO SUÁREZ MENÉNDEZ
VICEPRESIDENTA: MARÍA CORTÉS CABEZA
SECRETARIA: AMAYA GARCÍA SÁNCHEZ
TESOUREIRO: JOSÉ MANUEL NOGUEIRA NAVEIRA
VOCAIS: MARÍA JOSÉ ROCA PARDIÑAS
MARÍA RUFINO AMOR
JULIA HERNÁNDEZ IGLESIAS
FRANCISCO TORRADO ARES
ÁNGEL MANUEL CASTIÑEIRAS CASTRO
MARIA GUADALUPE LEMA SENANDE
RAMÓN MANUEL BOUZAS TOBÍO

CONSELLO ESCOLAR

O día 27 celebráronse no Vales Villamarín **as eleccións ó consello escolar** donde se elixiron os representantes de país,nais e titores.

Día tamén de certa decepción pola pouca participación, que non chegou ó 4%. Mais en concreto, de 1529 país censados neste colexio só exerceron o seu dereito ó voto 54.

Dende a Anpa invitamos ós pais a que se animen a participar en próximas convocatorias.

Nesta ocasión había 9 candidatos dos cales saíron elixidos **Don Francisco Torrado Ares e Dona Amaya García Sánchez** que nos representarán durante 4 anos.

Parabéns pola súa elección e desexámoslles moita sorte no seu cometido.

Pola súa banda a ANPA Brigantium nomeou como representante seu no consello escolar a **Don Jose M. Nogueira Naveira**.

Carta dunha nena do Vales os Reis Magos

Queridos Reis Magos:

Este ano cumprín 6 anos e empecei ir ao cole, pero ao cole dos grandes. A vós pódovolo contar, ao principio estaba un pouco asustada alí nese patio con tantos nenos tiña medio de perderme e que non me atopasen. A nosa profesora que é moi boa explicounos que pronto farían un colexio novo e que entón teríamos sitio para xogar todos no patio e habería máis aulas para poder aprender moitas cousas.

O meu irmán maior que empezou este ano a ESO dixome que cando el empezou, hai seis anos, xa lle contaron o mesmo pero que foron pasando os cursos e que en vez de ir a menos cada vez eran máis. Ao parecer uns señores moi importantes non se poñían de acordo onde facer o cole. Eu non o entendo moi ben, por que outra cousa non haberá pero sitio!!

O meu irmán maior, que sabe moito, díxome que agora o problema era por culpa dunha señora que vive en Alemaña que nos ten envexa porque alí non hai sol e que nos trouxo a crise e á súa prima que se chama Risco que debe ser un nome Alemán. E claro, como a prima esa non para de comer e de crecer hai que mirar moi ben onde nos gastamos o diñeiro. Pero digo eu, ¿que haberá mellor para gastar o diñeiro que nun cole onde todos poidamos aprender moitas cousas?

O meu papa explicoume que un señor que vive nun pazo en Santiago e que manda moito, debe ser un rei coma vós, veu a Betanzos e dixo que pronto se ía construír o cole porque facía moita falta.

Por iso, queridos Reis Magos, este ano, en vez de pedirvos esa Nancy tan chula que vin na tenda, pídovos iso que di o meu papá que é tan importante para o cole novo. O meu papá di que niso que se chama "orzamentos" poñan o diñeiro suficiente para rematar de facer o cole o vindeiro ano. Vós que sodes magos estou segura que o conseguiredes.

Por certo, só por se tiñades curiosidade, a Nancy que me gusta é a Oriental para que sexa como no meu cole onde hai nenos e nenas de tódolos sitios pero aprendemos e xogamos xuntos coma se fosemos todos do mesmo lugar.

Dende o Vales Villamarín un bico aos tres.